

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 26 de novembro de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación de persoas aspirantes definitivamente seleccionadas no concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental e se inicia o prazo para a elección de destino.*

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 26 de decembro de 2024 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 251, do 31 de decembro) habilitouse o prazo dun mes para que as persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo para o acceso á categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental, convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 3, do 4 de xaneiro de 2023), presentasen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria.

Igualmente, mediante a Resolución do 27 de xuño de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 129, do 8 de xullo), habilitouse o prazo de dez días hábiles para que as novas persoas aspirantes seleccionadas presentasen a correspondente documentación tras excluír do concurso-oposición ás persoas aspirantes que adquiriron a condición de persoal estatutario fixo nesta mesma categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental como consecuencia da resolución desta Dirección Xeral do 1 de abril de 2025.

A base novena da Resolución do 15 de decembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* número 3, do 4 de xaneiro), de convocatoria do proceso, dispón que as persoas aspirantes que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos para participar no presente proceso selectivo non poderán ser nomeadas persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións.

A mesma base dispón que, comprobada a documentación de todas as persoas aspirantes seleccionadas, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de persoas aspirantes definitivamente seleccionadas, as prazas que se lles oferten e o procedemento e o prazo para que estas manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

En virtude do exposto, comprobada a documentación das persoas aspirantes e finalizados os prazos de impugnación administrativa contra as resolucións do 26 de decembro



de 2024 e do 27 de xuño de 2025, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais da categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental, relativos á baremación definitiva da fase de concurso e a publicación do listado de persoas aspirantes seleccionadas, respectivamente, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. En cumprimento da base 9.2 da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 15 de decembro de 2022, para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental, procede excluír do proceso selectivo, quedando anuladas as súas actuacións e decaendo en todos os dereitos derivados da participación nel, as persoas aspirantes que se relacionan a continuación por non presentaren dentro do prazo fixado a documentación preceptiva exixida e/ou non cumprir os requisitos de participación.

DNI	Apelidos e nome	Quenda
***8199**	ARES MOURONTE, XEMMA	LI
***8207**	MARTINEZ PEREZ, JENNIFER	LI
***7503**	MCGINTY HILL, ALICE ELIZABETH	LI
***8369**	RIBERA SANCHEZ, ANA	LI
***8123**	VAZQUEZ VALDES, XULIA	LI
***5232**	VILLAR GESTO, BELEN	LI

Segundo. Como consecuencia do decaemento no proceso selectivo das persoas aspirantes ás que se refire a base anterior desta resolución, procede declarar como persoas aspirantes seleccionadas, na categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental, logo de achegar a documentación exixida na base 9.1 da Resolución do 15 decembro de 2022, de convocatoria do proceso, ás persoas aspirantes que se relacionan a seguir:

DNI	Apelidos e nome	Quenda
***8235**	ALVAREZ OTERO, ZAIDA	LI
***7432**	CALVIÑO SEOANE, NOELIA	LI
***4284**	FREIJEIRO LLORCA, ANA	LI
***3881**	PINEDA BUENDIA, MARIA VICTORIA	LI

Terceiro. Publicar como anexo I a relación de persoas aspirantes definitivamente seleccionadas no concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especia-



lista en saúde mental segundo a orde que, en aplicación das bases da convocatoria, se deberá seguir para os efectos da adxudicación de destino.

Cuarto. Aprobar a relación de destinos que se ofertan ás persoas aspirantes seleccionadas neste proceso e que figura como anexo II desta resolución.

Quinto. Abrir un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para que as persoas aspirantes que constan nesta resolución seleccionen telematicamente, a través do sistema de información Fides/expedient-e, os destinos ofertados por orde de prelación.

No procedemento de selección de destinos resultarán de aplicación as bases aprobadas pola Resolución desta Dirección do 28 de maio de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 109, do 5 de xuño).

As persoas aspirantes que, neste prazo e conforme o procedemento establecido, non seleccionen ningún destino ou non resulten adxudicatarias de ningún polo que optasen, non poderán ser nomeadas persoal estatutario fixo e quedarán sen efecto todas as súas actuacións neste proceso.

Sexto. Logo da finalización do prazo de selección de destinos, publicarase na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) un listado informativo de adxudicación de destinos.

Sétimo. As persoas aspirantes seleccionadas que tamén o sexan na mesma categoría no respectivo proceso de estabilización convocado polo sistema de concurso de méritos, no caso de que resulten adxudicatarios/as de destino en ambos os dous procesos, logo da publicación na páxina web do Servizo Galego de Saúde do listado informativo de adxudicación de destinos, disporán dun prazo de cinco días hábiles para optar por unha desas dúas prazas. A dita opción deberán formalizala por escrito nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dirixida á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

No caso de non manifestar nada ao respecto no prazo indicado, entenderase que optan pola praza que deriva do proceso selectivo de estabilización polo sistema de concurso de méritos.



Oitavo. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2025

María del Mar Pousa Cobas  
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO I

Relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as

Núm. orde	DNI	Apellidos e nome	Acceso	Nota oposición	Formación	Experiencia profesional	Outras actividades	Puntuación total
1	***6939**	CID GONZALEZ, CARLA	PI	29,750	14,000	11,700	4,000	59,450
2	***8633**	PEREZ GOMEZ, IRIA	PI	31,750	14,000	13,402	0,000	59,152
3	***6345**	DIEGUEZ RODRIGUEZ, MARIA	LI	43,000	14,000	17,400	3,289	77,689
4	***2942**	PERTEGA ANDIA, ELVIRA MARIA	LI	42,125	14,000	15,940	1,650	73,715
5	***0571**	FERREIRA GARCIA, ANXO	LI	34,500	14,000	16,700	4,000	69,200
6	***4717**	FACORRO REGUEIRA, NEREA	LI	34,500	14,000	15,600	2,800	66,900
7	***9862**	FERNANDEZ MARTINEZ, CLARA	LI	40,125	14,000	4,836	0,000	58,961
8	***0965**	AUSINA ARROJO, ALEJANDRO	LI	39,625	14,000	3,986	1,000	58,611
9	***6409**	MARTINEZ MARTINEZ, ALICIA	LI	38,125	14,000	4,500	0,154	56,779
10	***7773**	BERDION MARCOS, VANESA	LI	27,125	14,000	11,400	0,661	53,186
11	***7214**	SANCHEZ VILAS, LAURA	LI	35,375	14,000	2,650	0,296	52,321
12	***8122**	NOVOA RIVERA, ANDREA	LI	41,500	7,740	3,000	0,000	52,240
13	***8351**	ESLAVA NODAR, NOELA	LI	29,750	14,000	6,980	1,000	51,730
14	***1142**	MARTINEZ FERREIRO, SARA	LI	37,375	9,390	1,550	0,168	48,483
15	***4721**	GONZALEZ LOPEZ, CLAUDIA	LI	26,875	14,000	4,250	1,983	47,108
16	***4547**	GONZALEZ SANCHEZ, HECTOR	LI	20,375	14,000	9,750	2,150	46,275
17	***6273**	VILARIÑO BARREIRO, MARIA DEL CARMEN	DI	27,375	8,340	7,600	2,062	45,377
18	***0003**	PARGA MARTINEZ, MARTA	LI	34,625	9,466	0,650	0,000	44,741
19	***2335**	NOVO ROSARIO, MARCOS	LI	26,875	14,000	3,601	0,000	44,476
20	***8235**	GARCIA FERNANDEZ, FATIMA	LI	28,875	14,000	0,500	0,400	43,775
21	***5883**	SALGADO CARNERO, MARIA	LI	35,125	7,930	0,651	0,000	43,706
22	***3883**	VIDAL TARELA, CRISTINA	LI	23,750	11,060	8,580	0,000	43,390





Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Nota oposición	Formación	Experiencia profesional	Outras actividades	Puntuación total
23	***6373**	LOPEZ ALVAREZ, ELVIRA TERESA	LI	25,125	14,000	0,950	1,000	41,075
24	***1135**	SEVILLA GOMEZ, ANDREA	LI	32,250	5,600	2,850	0,000	40,700
25	***5829**	CALVO LOSADA, NEREA	LI	29,750	7,290	0,800	0,000	37,840
26	***4277**	VERGARA GONZALEZ, VERONICA	LI	23,125	14,000	0,700	0,000	37,825
27	***7432**	CALVIÑO SEOANE, NOELIA	LI	27,375	8,560	1,050	0,000	36,985
28	***8235**	ALVAREZ OTERO, ZAIDA	LI	23,500	8,570	3,370	0,000	35,440
29	***3881**	PINEDA BUENDIA, MARIA VICTORIA	LI	23,000	9,815	2,250	0,200	35,265
30	***4284**	FREIJEIRO LLORCA, ANA	LI	26,125	7,110	0,150	0,100	33,485

Acceso: DI: discapacidade xeral; PI: promoción interna; LI: libre.

(\*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

## ANEXO II Relación de destinos ofertados

Centro directivo	Centro	Concello	Quenda	Núm. prazas
A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol	-	3
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-	3
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-	1
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-	9
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-	10
A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-	5